

5

POLÍTICAS DE INTEGRACIÓN

O CAPÍTULO QUINTO ten por obxecto a análise das políticas aplicables a todas aquelas persoas procedentes dun país estranxeiro ou ben ós nacionais españois residentes noutro país. En primeiro lugar expónse a normativa aplicable a nivel estatal e comunitario e, posteriormente, analízase desde un punto de vista comparado a normativa vixente, facendo fincapé nas comunidades murciana e catalana, pasando posteriormente a salienta-los programas e plans que actualmente se están a levar a cabo e que teñen como destinatarios tanto a inmigrantes como a emigrantes e retornados.

Normativa estatal

- Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. (BOE 12 de xaneiro).
- Lei Orgánica 8/2000, de 22 de decembro, de refonnia da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Correc-

ción de erros BOE 23 de febreiro. (BOE 23 de decembro).

- Real Decreto 864/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei Orgánica 8/2000, de 22 de decembro.

- Real Decreto 142/2001, de 16 de febreiro, polo que se establecen os requisitos para a regularización prevista na disposición transitoria cuarta da Lei Orgánica 8/2000, de 22 de decembro, de Refonnia da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre Dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. (BOE 20 de febreiro).

- Real Decreto 239/2000, de 18 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a regularización de estranxeiros prevista na disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. (BOE 19 de febreiro).

- Resolución do 11 de xullo de 1996, con-

xunta das Direccións Xerais do INEM e de Traballo e Migracións, pola que se dictan instrucións sobre inscrición de estranxeiros nas oficinas do INEM e nas axencias de colocación, protección por desemprego e intercambio de información. (BOE 9 de agosto).

- Real Decreto 865/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento do estatuto de Apátrida. (BOE 21 de xullo). Corrección de erros BOE 17 de novembro de 2001.

- Real Decreto 203/95, de 10 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de aplicación da Lei 5/1984 de 26 de marzo, reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado, modificada pola Lei 9/94, de 19 de maio. (BOE 2 de marzo).

- Resolución de 12 de xullo de 1996, da Dirección Xeral de Traballo e Migracións, pola que se aproba o modelo de oferta de traballo para estranxeiros. (BOE 25 de xullo).

Normativa comunitaria

- Real Decreto 766/92, de 26 de xuño, sobre entrada e permanencia en España de nacionais de Estados membros das Comunidades Europeas. (BOE 30 de xuño).

- Real Decreto 737/95, de 5 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 766/92, de 26 de xuño, sobre entrada e permanencia en España de nacionais de Estados membros das Comunidades Europeas. (BOE 5 de xuño).

- Real Decreto 1710/97, de 14 de novembro, polo que se modifica parcialmente o réxime de entrada e permanencia en España de nacionalidades de Estados membros da Unión Europea e doutros Estados partes no acordo sobre o EEE.

- Real Decreto 543/2001, 18 de maio, sobre acceso ó emprego público da Administración Xeral do Estado e os seus Organismos públicos de nacionais doutros Estados os que son lle aplicación o dereito á libre circulación de traballadores.

Normativa comparada

A Lei Orgánica 4/2000, de 11/01/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola Lei

Orgánica 8/2000, de 22/12/2000, considera a inmigración como un feito estrutural que converteu a España nun país de destino dos fluxos migratorios.

Dita Lei considera conxuntamente, tanto o control dos fluxos como a integración dos residentes estranxeiros e o desenvolvemento dos países de orixe.

O Título IV do texto legal recolle os artigos dedicados á coordinación dos poderes públicos en materia de inmigración a través do Consello Superior de Política de Inmigración, que realiza funcións de coordinación interterritorial, e do Foro para a Integración Social dos Inmigrantes, que realiza funcións consultivas, de información e de asesoramento.

Respecto ó Consello Superior de Política de Inmigración, o artigo 68 da Lei Orgánica 4/2000, de 11/01/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, establece que:


“1.- Para asegurar unha axeitada coordinación das actuacións das Administracións públicas con competencias sobre a integración dos inmigrantes constituirase un Consello Superior de Política de Inmigración, no que participarán representantes do Estado, das comunidades autónomas e dos municipios.

2.- Dito órgano establecerá as bases e criterios sobre os que se asentará unha política global en materia de integración social e laboral dos inmigrantes, para o que demandará información e consulta dos órganos administrativos, de ámbito estatal ou autonómico, así como dos axentes sociais e económicos implicados coa inmigración e a defensa dos dereitos dos estranxeiros.

3.- O goberno complementará e regulará, mediante Real Decreto, a composición, funcións e réxime de funcionamento do Consello Superior de Política de Inmigración.”

Neste senso, a disposición adicional segunda, que ten carácter orgánico, establece que :

“En atención á situación territorial e á especial incidencia do fenómeno migratorio e ás competencias que teñan recoñecidas nos seus respec-



tivos Estatutos de Autonomía en materia de execución laboral e en materia de asistencia social, e en concordancia co mesmo, poderase constituír subcomisións no seo das Comisións Bilaterais de Cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas, en concordancia co que prevexan os seus respectivos Estatutos de Autonomía, para analizar cuestións sobre traballo e residencia de estranxeiros que lles afecte dereitamente.”

O Parlamento Europeo, por Resolución do 9 de febreiro de 1988, recomendou a creación nos diferentes Estados membros dun “Foro dos Traballadores Inmigrantes”, órgano dotado de natureza consultiva para abordar os asuntos relacionados cos mesmos.

O Goberno español, mediante o Acordo do Consello de Ministros do 2 de decembro de 1994, aprobou o “Plan para a Integración Social dos Inmigrantes”, no que se optaba por unha política de integración activa dos inmigrantes na sociedade española, e prevía como instrumento para a inserción a creación dun foro de inmigrantes, entendido como un espazo de participación e diálogo dos colectivos de inmigrantes coas Administracións públicas e a sociedade de acollida.

Posteriormente, mediante o Real Decreto 490/1995, de 7 de abril, creouse o “Foro para a Integración Social dos Inmigrantes”, como un órgano consultivo a nivel nacional adscrito ó Ministerio de Asuntos Sociais.

As funcións do Foro quedaban establecidas no artigo 3 do citado Real Decreto, que as concretaba en:

- Facilita-la comunicación, o intercambio de opinións e información entre o colectivo inmigrante legalmente establecido e a sociedade de acollida.
- Formular propostas e recomendacións tendentes a promover a integración social dos inmigrantes e refuxiados.
- Recibir información sobre os programas e actividades que leven a cabo as distintas Administracións públicas en materia de integración social.
- Acadar e canaliza-las propostas de organizacións sociais, cuia actividade teña relación co

fenómeno migratorio, con vistas a facilitala convivencia entre os inmigrantes e a sociedade de acollida.

- Promover estudos ou iniciativas sobre proxectos relacionados cá integración social dos inmigrantes e refuxiados.

- Manter contactos con outros órganos análogos de ámbito internacional, autonómico e local.

Os fondos necesarios para o funcionamento do Foro terían que ser provistos polo Ministerio de Asuntos Sociais, con cargo ós créditos previstos para os programas de migracións.

O cambio operado na Administración Xeral do Estado, introducido polo Real Decreto 758/1996, de 5 de maio, de estrutura da Administración Xeral do Estado, que modifica parcialmente dita estrutura orgánica básica e transforma o Instituto Nacional de Servicios Sociais en Instituto de Migracións e Servicios Sociais; así como a experiencia adquirida desde a posta en funcionamento do órgano colexiado, requirían acometer a súa adecuación ós cambios normativos sinalados e ás necesidades marcadas pola experiencia.

En consonancia co anterior, as modificacións máis importantes que se producen afectan fundamentalmente ó feito de que o “Foro para a integración social dos inmigrantes” estará adscrito ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a través da Secretaría Xeral de Asuntos Sociais, así como, e no que respecta ás funcións do mesmo, cando as disposicións normativas da Administración Xeral do Estado afecten á integración social dos inmigrantes, os plans e programas de ámbito estatal ou carácter xeral e os anteproxectos de programas orzamentarios deberán ser consultados con carácter preceptivo ó Foro.

Por último modifícase tamén a composición do Foro.

A Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre “Dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social”, modificada pola Lei orgánica 8/2000, de 22 de decembro, regula o Foro para Integración Social dos Inmigrantes, introducindo a necesidade do seu desen-

volveremento en canto á composición, competencias, réxime de funcionamento e adscrición administrativa.

O artigo 70 da citada Lei orgánica configura o Foro como un órgano de consulta, información e asesoramento en materia de integración dos inmigrantes, constituído de forma tripartita e equilibrada por representantes das Administracións Públicas, das asociacións de inmigrantes e das organizacións sociais de apoio, entre elas os sindicatos de traballadores e as organizacións empresariais con interese e implantación no ámbito migratorio.

Por outra parte, o Real Decreto 1449/2000, de 28 de xullo, polo que se modifica e desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio do Interior, establece que o Foro para a Integración Social dos Inmigrantes quedará adscrito ó Ministerio do Interior, a través da Delegación de Goberno para a Estranxeiría e a Inmigración, pola que se canalizarán as propostas, acordos ou recomendacións do Foro.

Finalmente o Real Decreto 367/2001, de 4 de abril, establece a composición, competencias e réxime de funcionamento do Foro para Integración Social dos Inmigrantes, de xeito que se adecúa a toda a normativa citada, e quedando derrogado o Real Decreto 490/1995, de creación do mesmo.

O Real Decreto 367/2001 ten por obxecto a regulamentación do Foro para a Integración Social dos Inmigrantes legalmente establecidos coa finalidade de servir á participación e á integración de estes na sociedade española. O Foro é un órgano colexiado de consulta, información e asesoramento do Goberno e, no seu caso, das Administracións Autonómicas e Locais, adscrito ó Ministerio do Interior, a través da Delegación de Goberno para a Estranxeiría e a Inmigración.

No artigo 3 do Real Decreto 367/2001, especificanse as que deben ser as **funcións** do Foro:

- Formular propostas e recomendacións tendentes a promover a integración dos inmigrantes e refuxiados na sociedade española.

- Recibir información sobre programas e actividade que leven a cabo a Administración xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas e as Administracións locais en materia de integración social dos inmigrantes.

- Acadar e canaliza-las propostas de organizacións sociais, con actividade no ámbito da inmigración, con vistas a facilitala perfecta convivencia entre os inmigrantes e a sociedade de acolida.

- Preparación dun informe anual sobre os traballos realizados e sobre a situación da integración social dos inmigrantes e refuxiados.

- Elaborar informes sobre as propostas, plans e programas que poidan afectar á integración social dos inmigrantes, que lles sexan requiridos polos órganos competentes da Administración Xeral do Estado.

- Cantas outras actuacións se consideren necesarias en relación coa integración na sociedade española dos estranxeiros legalmente establecidos, así como calquera outra que as disposicións vixentes lle atribúan.

As propostas, acordos ou recomendacións do Foro que se eleven o Goberno, canalizaranse a través da Delegación do Goberno para a Estranxeiría e a Inmigración.


No que respecta á súa **composición**, o Foro para a Integración Social dos Inmigrantes estará constituído polos seguintes membros. Un presidente, nomeado polo titular do Ministerio do Interior, dous vicepresidentes designados de entre os Vocais, un secretario, o titular da Subdirección Xeral de Inmigración do Ministerio do Interior, e 24 vocais distribuídos do seguinte xeito:

- Oito, en representación das Administracións Públicas.

- Oito, en representación dos inmigrantes e refuxiados, a través das súas asociacións legalmente constituídas.

- Oito, en representación das organizacións sociais de apoio, entre elas os sindicatos de traballadores e as organizacións empresariais máis representativas con interese e implantación no ámbito inmigratorio.

Tendo en conta que a política de inmigración, especialmente os seus aspectos sociais, educati-



vos, de vivenda e de sanidade, é unha competencia compartida entre a Administración Estatal, Autonómica e Local, foron creados órganos de análoga natureza ó “Foro para a Integración Social dos Inmigrantes” en diferentes comunidades autónomas, como Madrid, Illas Baleares, Canarias, Murcia e Andalucía, con funcións análogas ó Foro estatal, delimitando o ámbito de actuación ó interior de cada Comunidade Autónoma.

Seguindo no ámbito autonómico, cómpre tamén ter en conta outra serie de actuacións no ámbito da inmigración que se están levando a cabo ademais das que corresponden ó Foro para a Integración das comunidades autónomas citadas. Neste senso é importante ter en conta, entre outras, as liñas de actuación en Cataluña e Murcia.

• *Rexión de Murcia*

A Orden de 12 de abril de 2000 crea a Oficina Rexional de Atención á Inmigración da Rexión de Murcia, que ten como finalidade facilita-lo acceso da poboación inmigrante ós sistemas normalizados de protección social, e así, dar resposta ás principais necesidades do colectivo que afectan a importantes ámbitos da súa integración: educativo e cultural, marco legal, ámbito laboral, convivencia territorial e participación cidadá.

Os obxectivos xerais da oficina rexional de atención á inmigración son os seguintes:

- Atende-los cidadás estranxeiros residentes na Comunidade de Murcia, tanto en Servicio de atención directa como os derivados pola Rede Pública de Servicios Sociais, Organizacions non Gobernamentais, Asociacions de Inmigrantes e Administracions Públicas.
- Continua-las actuacións previstas no Observatorio Permanente da Inmigración.
- Promove-la configuración dunha rede de información e asistencia integral, procedente de entidades públicas e privadas.
- Apoia-la labor dos profesionais dos servizos sociais, favorecendo a súa intervención.
- Contribuír á creación dunha política social de inmigración.
- Favorece-lo desenvolvemento de proxectos

que atendan ás necesidades da poboación inmigrante.

- Posibilitar á poboación inmigrante da rexión de Murcia o acceso ó pleno disfrute dos servizos públicos normalizados.

- Impulsa-la coordinación nos temas que afectan ó inmigrante, evitando duplicidades e facendo realidade a racionalización dos recursos existentes.

Para a consecución dos citados obxectivos as funcións da Oficina Rexional de Atención á Inmigración son as seguintes:

- Proporcionar información, orientación e asesoramento á poboación inmigrante sobre os dereitos e recursos sociais existentes no ámbito dos servizos sociais e en outros sistemas de protección social, para conseguila integración e participación na sociedade de acollida.

- Participar no desenvolvemento de programas de intervención social de carácter integral para a atención, prevención e integración da poboación inmigrante nas áreas de acción social, marco xurídico, cultura e educación, formación profesional e emprego, de saúde, de aloxamento e vivenda, de ocio e participación cidadá.

- Promover actuacións de sensibilización da opinión pública e dos medios de comunicación sobre valores de solidariedade, tolerancia e respecto á multiculturalidade, enfocadas á prevención de actitudes e comportamentos racistas e xenófobos.

- Facilitar ás unidades responsables da planificación cantos datos estatísticos ou de outro tipo poidan ser útiles para a correcta planificación de actuacións de atención á inmigración.

- Informar e propoñer ás organizacións competentes as medidas axeitadas para emenda-las disfuncionalidades detectadas.

- Colaborar na realización de campañas de divulgación e sensibilización social en coordinación con organizacións e asociacións implicadas neste ámbito

- Facilitar información e orientación ás persoas inmigrantes e entidades ou organismos que a soliciten, en canto á utilización dos recursos sociais existentes e á aplicación práctica da lei sobre Dereitos e Liberdades dos Estranxeiros en

España e a súa Integración social, a as súas normas de desenvolvemento, así como canaliza-las demandas que faciliten a prestación dos servizos que reciben.

- Atende-las necesidades de apoio e mediación intercultural en familias e persoas inmigrantes en crise ou especial dificultade social.

- Aplicar cuestionarios de recollida de información cuantitativa e cualitativa sobre as características da poboación inmigrante.

- Orientar, asesorar e apoiar xuridicamente ós inmigrantes que teñan dificultades no exercicio dos seus dereitos e liberdades recoñecidos nas leis.

- Emitir informes de carácter xurídico-técnico en materia de atención á inmigración.

Por outra banda, cómpre destacar tamén na Comunidade de Murcia a Comisión Delegada do Consello de Goberno para a Integración Social dos Inmigrantes, creada e regulamentada polo Decreto 96/2000, de 14 de xullo, como un órgano consultivo da Administración, de participación dos axentes sociais e institucións implicadas na inmigración, co fin fundamental de coordinar as actuacións da Administración rexional para alcanzar unha maior eficacia no acceso dos emigrantes ós sistemas de protección, ó emprego, á formación ocupacional, ós servizos sociais, a vivenda, á educación, cultura e sanidade.

Correspóndelle á Comisión Delegada para a Integración Social dos inmigrantes, as seguintes funcións:

- Coordina-la acción político-administrativa das Consellerías con competencias que incidan na inmigración, establecer criterios uniformes de actuación e propoñe-lo necesario para unifica-la normativa.

- Elaborar e someter ó Consello de Goberno propostas de normativas integrais encamiñadas á consecución dunha política conxunta de integración da poboación inmigrante.

- Elaborar e someter ó Consello de Goberno propostas conxuntas de actuación, en orden a unha eficaz execución dos recursos económicos asignados ás diferentes Consellerías, encamiñados a cubrir uns obxectivos básicos de integración social dos inmigrantes.

- Formular ó Consello de Goberno cantas propostas, suxestións e proxectos estime axeitados para a consecución dun maior nivel de benestar social para os inmigrantes na rexión de Murcia.

- Promover estudos para determina-las causas que orixinan marxinação, precariedade ou desigualdade na poboación inmigrante, en canto ó acceso ós recursos sociais existentes.

• *Cataluña*

O Decreto 293/2000, de 31 de agosto, crea a Secretaría para a Inmigración, adscrita ó Departamento da Presidencia, con rango de Secretaría Xeral; correspondéndolle as seguintes funcións:

- Propoñer ó consello da Presidencia criterios encamiñados a conseguir unha actuación coordinada en tódolos ámbitos de intervención da Administración da Comunidade autónoma en materia de inmigración.

- Velar polo cumprimento do ordenamento vixente nas materias que afecten á inmigración e canaliza-las peticións e queixas que se formulen ós órganos competentes, xa sexan da Administración autonómica ou de outras Administracións.


- Elaborar a partir do estudo e análise que faga o Instituto Catalán do Mediterráneo de Estudos e Cooperación das magnitudes e características do fenómeno migratorio, as propostas dirixidas á canalización dos fluxos migratorios e a integración dos residentes estranxeiros.

No marco das funcións atribuídas á Comisión Interdepartamental da Inmigración, correspóndenlle:

- Apoiar e impulsa-las actuacións dos departamentos da comunidade derivadas dos acordos da Comisión.

- Dirixir e xestiona-los programas e actuacións no ámbito da inmigración que lles sexan atribuídos pola Comisión e non correspondan a outros departamentos, así como velar polo cumprimento de aqueles acordos da Comisión que correspondan á Administración Autonómica.

- Informar á Comisión do ordenamento vixente en materia de inmigración e en especial do dereito internacional, das decisións adoptadas polas institucións comunitarias, as do Consello de



Europa e outras organizacións.

- Apoiar ós departamentos para unha eficaz colaboración con outras Administracións públicas de Cataluña, a fin de fomentar a actuación coordinada e eficaz das distintas políticas, accións e programas de inmigración que se fan en Cataluña, e levar a cabo as relacións institucionais encomendadas pola Comisión.

- Informar e documentar á Comisión sobre a situación dos inmigrantes e facer o seguimento e coordinación dos informes e recomendacións que adopte a Comisión.

- Levar a cabo as funcións propias da Secretaría Executiva da Comisión Interdepartamental de Inmigración de acordo coas normas aplicables ós órganos colexiados da comunidade autónoma de Cataluña e aquelas outras que lle recomende a Comisión.

- Formar parte das Comisións Territoriais de Inmigración.

- Tódalas demais funcións que lle encomende o titular do Departamento da Presidencia.

Por outra banda, o Decreto 125/2001, de 15 de maio, regula a Comisión Interdepartamental e o Consello Asesor, creada polo Decreto 275/1993, de 28 de setembro.

Polo tanto, os órganos competentes en materia de inmigración na comunidade catalana son:

1.- A Comisión Interdepartamental de Inmigración que se configura como un instrumento de seguimento e coordinación das actuacións que se levan a cabo en Cataluña no eido da inmigración.

2.- A Comisión Interdepartamental de Inmigración, asistida polo Consello Asesor de Inmigración que é un órgano colexiado de consulta e participación externa en materia de inmigración.

3.- A comisión poderá crear no seu seo comisións territoriais de inmigración.

4.- O Instituto catalán do Mediterráneo de Estudos e Cooperación, que ten como obxectivo asesorar a Comisión sobre as perspectivas da inmigración en Cataluña.

5.- A Secretaría para a Inmigración.

6.- Un órgano adscrito ó Departamento de Benestar Social, coa función de realizar traballos de realización de informes, busca e propostas de planificación, así como outros que lle encargue a Comisión Interdepartamental

Políticas de integración social

Co obxecto de completa-lo estudo sobre os movementos migratorios en Galicia, é importante destacar as políticas sociais de axuda á integración e para paliar a pobreza de inmigrantes, emigrantes e retornados que se están a levar a cabo en Galicia.

Neste senso, e en primeiro lugar, no que respecta ás políticas de integración social de inmigrantes, o “I Plan Galego de Inclusión Social 2001-2006”, dirixido á erradicación da pobreza e da exclusión social en Galicia, inclúe dentro dos grupos de acción prioritarios ás minorías étnicas e ós inmigrantes, estean ou non censados ou empadroados. Nesta mesma liña de actuación está o “Programa de Atención a Inmigrantes en Exclusión Social”, creado polo Decreto 258/1990, do 27 de abril, que regula o réxime xeral de axudas e subvencións en materia de servizos sociais, programa que, no ano 2001, dedicou ás súas actuacións 15 millóns de pesetas.

Por outra banda, dentro dos programas de cooperación destinados a accións de fomento do emprego por parte das entidades locais (Orde do 20 de febreiro de 2001, pola que se establecen as bases que rexen os distintos programas de axudas para o exercicio do ano 2001 da Consellería de Familia, Promoción do emprego, Muller e Xuventude), subvencionáronse programas de integración e inserción de mulleres inmigrantes.

No eido das políticas de axuda ós emigrantes galegos, a Orde do 29 de xaneiro de 2001, pola que se establecen e regulan programas de actuacións, axudas e subvencións a favor dos galegos residentes no exterior, para o exercicio 2002 facultada á Consellería de Emigración e Cooperación Exterior para realizar unha serie de accións.

Dentro das accións asistenciais e sociais destaca o Programa I: “Axudas asistenciais individuais”, que ten por obxecto a concesión de prestacións económicas directas, individuais, extraordinarias e non periódicas, de carácter social, dirixidas ós galegos residentes no estranxeiro que, non estando en idade de xubilación por anciandade, sexan inválidos ou enfermos por enfermidade permanente, impossibilitados para desenvolver calquera tipo de actividade laboral, así como aqueles que se atopen e situacións de infortunio familiar.

Támén poderán ser beneficiarios deste programa aquelas persoas en situación de precariedade pertencentes a colectividades galegas de países inmersos en profunda crise económica. As axudas están destinadas a cubrir as necesidades básicas de subsistencia, como manutención, aloxamento e asistencia sanitaria, ou a resolve-la continxencia familiar. Poden ser solicitantes destas axudas todos os emigrantes galegos que, residindo nos seus domicilios privados, non teñan ingresos superiores ó importe da pensión non contributiva vixente.

Dentro das citadas “accións asistenciais e sociais”, inclúense outros programas como son:

- Programa II: “Axudas asistenciais a entidades galegas”, que ten por obxecto subvencionar a entidades que presten servizos asistenciais e residenciais á colectividade de asociados de orixe galego que carezan de recursos económicos.

- Programa III: “Vacacións para recordar”, que ten por obxecto ofrecer vacacións a galegos doutras comunidades ou países europeos

- Programa IV: “Reencontros”, que ten por obxecto promover o reencontro de persoas de orixe galego residentes no estranxeiro, cos seus familiares e a súa terra.

- Programa V: “Cursos de terapia ocupacional”, que trata de promover a creación de grupos de persoas da terceira idade de orixe galego residentes no exterior para o desenvolvemento das súas capacidades e aptitudes.

Segundo a Memoria 2001 da Secretaría Xeral

para as Relacións coas Comunidades Galegas, no ano 2001 dentro do **Programa I** foron concedidas un total de 565 axudas, por un importe de 152.807 euros, sendo os países con un maior número de beneficiarios Bolivia (230), Arxentina (126) e Brasil (85).

Con respecto ó **Programa II**, concedéronse 24 axudas con un orzamento de 209.903 euros. Dentro do **Programa IV**, nas súas distintas modalidades, participaron un total de 680 persoas, e por último no **Programa V** realizáronse 12 accións nas que participaron 303 alumnos.


Existen a maiores outras actuacións como son as: “accións formativas”, “accións culturais”, “accións xuvenís” e “accións de asistencia estrutural, funcional e de equipamento de centros”.

Segundo a citada Memoria 2001 da Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas, no ano 2001 cabe destacar dentro das **accións formativas** as axudas para estudos universitarios ás que no ano 2001 foron dedicados 33.055 euros distribuídos entre 11 alumnos, dos que o 27% eran residentes en Arxentina.

Dentro das **accións culturais**, orzamentariamente destacan as axudas para a realización de actividades asociativas e culturais, con unha dotación para o ano 2001 de 387.382 euros, as accións informativas na Galicia exterior con 93.607 euros, e as dotacións para bibliotecas con 37.863 euros.

Finalmente, e no que respecta ás **accións de asistencia estrutural, funcional e de equipamento de centros**, caben destacar en primeiro lugar as axudas para rehabilitación de locais e instalacións e para promoción de novos proxectos asistenciais cunha dotación no ano 2001 de 961.168 euros, e as axudas para mellora das dotacións e equipamentos de centros cun orzamento de 312.616 euros.

No que respecta ás **axudas ós retornados**, a Orde de 14 de decembro de 2001, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión das axudas e subvencións públicas correspondentes ós Programas de actuación a favor dos inmigrantes



españóis, faculta ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a levar a cabo unha serie de programas de axudas como son:

1.- Axudas de carácter asistencial, que teñen por obxecto mante-la cobertura das situacións de necesidade nas que se poidan atopa-los emigrantes, tanto no país de acollida como no momento do seu retorno a España.

2.- Axudas para a integración sociolaboral, a orientación profesional e a promoción do emprego.

3.- Axudas de promoción educativa, cultural e social.

4.- Axudas de carácter asistencial e cultural a emigrantes e retornados.

Finalmente, hai que ter en conta as **políticas de atención á diversidade**, e fundamentalmente, a Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE), que sinala no seu preámbulo como o período formativo común debe organizarse de maneira comprensiva, compatible cunha progresiva diversificación que será crecente na Educación Secundaria Obligatoria (ESO) e lle posibilitará ó alumnado o logro dos obxectivos comúns da etapa mediante a adaptación á pluralidade de necesidades e aptitudes. Na parte dispositiva da dita Lei, aparecen referencias explícitas ó que se denomina atención á diversidade. Así, no artigo 2º.3 establécense os principios da actividade educativa, sinalando entre eles a formación personalizada, a efectiva igualdade entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminación e o respecto a tódalas culturas.

Por outra banda, no capítulo quinto do título I, baseándose no principio de integración escolar, a LOXSE establece apoios para que o alumnado con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, poida acadar os obxectivos establecidos con carácter xeral para tódolos alumnos: a organización escolar e as adaptacións e diversificacións curriculares necesarias nos centros, por unha parte, e os servizos necesarios que establecerán, en cada caso, plans de actuación en relación coas necesidades específicas dos alumnos.

Finalmente, no título V, da compensación das desigualdades na educación, a LOXSE establece o deber das administracións educativas de aseguraren unha actuación preventiva e compensatoria para aqueles que, por condicións persoais, pola procedencia familiar de baixo nivel de renda, pola súa orixe xeográfica ou por calquera outra circunstancia, se atopen nunha desigualdade inicial para acceder á educación obrigatoria e para progresar nos niveis posteriores.

Posteriormente, a Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes, na súa disposición adicional segunda, dedicada á escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais, para desenvolve-la idea integradora, establece a distribución equilibrada dos alumnos, considerando o número e as súas especiais circunstancias, e entende por alumnos con necesidades educativas especiais, aqueles que requiran, nun período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas por padecer discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais, por manifestar trastornos de conducta ou por estra en situacións sociais ou culturais desfavorecidas. ■

